

CONVENIO PARA A CONCESIÓN DIRECTA DE SUBVENCIONS NOMINATIVAS 2022

Vilagarcía de Arousa, na data de sinatura dixital

REUNIDOS:

Dunha parte, **Don Alberto Varela Paz, DNI 35.461.107Y, Alcalde-Presidente** do Concello de Vilagarcía de Arousa, actuando no seu nome e representación, e

Doutra, Dona **María del Rocío Louzán Blanco, con DNI nº 35.453.018J**, en representación da Entidade **Asociación de Comerciantes Centro Comercial Aberto de Vilagarcía “Zona Aberta” con NIF G36256048**, domiciliada en Gumersindo Nartallo nº 13 entrechán de Vilagarcía de Arousa, código postal 36.600 de Vilagarcía de Arousa (Pontevedra).

Ámbalas dúas partes se recoñecen mutuamente a capacidade xurídica necesaria para a formalización do presente Convenio e de común acordo,

EXPOÑEN:



Primeiro: NORMATIVA DE APLICACIÓN: Existe por un lado a lexislación autonómica, “Lei 9/2007 de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia” e o “Decreto 11/ 2009 de 9 de xaneiro, Regulamento da Lei 9/2007” . Por outro lado aplicase a lexislación estatal nos seus preceptos básicos: “Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións” e o “Real Decreto 887/2006 de 21 de xullo, Regulamento da Lei 38/2003” .

Segundo: NORMATIVA ESPECIFICA A Lei Reguladora de Bases de Réxime Local establece a competencia dos Concellos sobre os mercados e consecuentemente da actividade económica comercial, outorgándolles competencias de policía e control administrativos, xestión dos servizos públicos e actividade de fomento.

A lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións, establece no seu artigo 22.2 a posibilidade de concesión directa das subvencións previstas nominativamente nos orzamentos das entidades locais nos termos recollidos nos convenios e na súa normativa reguladora. Asemade, o artigo 28 da devandita lei establece o procedemento de concesión directa para as subvencións nominativas.



Terceiro: O Concello de Vilagarcía de Arousa, a través da Concellería de Promoción Económica, asume a súa obriga como entidade promotora da actividade económica comercial no territorio, mediante a previsión nos orzamentos vixentes dunha subvención nominativa destinada ao mantemento e promoción do comercio retalista no seu ámbito territorial.

Cuarto: A subvención que se tramita figura como nominativa nos orzamentos vixentes no ano 2022 ou orzamento prorrogado, por estar vinculada con actividades de interese público, social e humanitario, que se desenvolven de maneira permanente; tratándose de subvencións que polas súas características especiais non poden ser obxecto de convocatoria pública.

Quinto: Quedará acreditado o interese público, social, económico ou humanitario da subvención a través da memoria explicativa das actividades da entidade dentro do termo municipal.

Sexto: O solicitante manifesta non estar en ningunha das situacións que establece o artigo 13.2 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións e o artigo 10.2 da Lei 9/2017 de Subvencións de Galicia, que imposibilitan a obtención da condición de beneficiario, estando o corrente nas súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Seguridade Social, Comunidade Autónoma e Concello de Vilagarcía de Arousa.



CLAUSULAS:

Cláusula I- OBXECTO DA SUBVENCIÓN . A presente subvención ten por obxecto contribuír ao desenvolvemento do sector comercial da nosa cidade para o mantemento e promoción do comercio retalista no ámbito local do Concello de Vilagarcía de Arousa.

Cláusula II- DEVENGO: A actividade a subvencionar son os gastos das **campañas de fomento do comercio local desenvolvidas pola Asociación de comerciantes Zona Aberta durante o ano 2022** (gasto elixible dende o 16 de outubro de **2021** ata o 15 de outubro de **2022**, concedéndose a cantidade de 15.000 euros e con cargo a partida **4311-48002**.

Cláusula III- A subvención figura nominativamente nos orzamentos polo que se considera adxudicada dende o mesmo momento da aprobación dos orzamentos e cumprido o trámite de asinar o presente convenio. O órgano competente para a tramitación do gasto é o Alcalde-Presidente ou órgano en quen delegue.

Cláusula IV- O Beneficiario comprométese a destina-la devandita subvención para realiza-la actividade fixada, cumprindo o obxectivo contemplado na cláusula I.



Cláusula V- TRAMITACIÓN ELECTRÓNICA MEDIANTE PLATAFORMA DE SUBVENCIONES E REXISTRO ELECTRÓNICO NA SEDE DO CONCELLO: A confección de toda a documentación realizarase a través da **Plataforma de Xestión de Subvencións** contratada por este Concello e pola Fundación de Deportes, para axudar as Entidades Deportivas beneficiarias de subvencións a correcta presentación da mesma, na dirección **<https://vilagarcia.cluber.es>** no que terán a súa disposición os **Balances, a Conta Xustificativa e anexos dos modelos normalizados** e, na que obrigatoriamente deberán subir toda a documentación e unha vez validada, **xenerará un PDF final en formato oficial, que deberá ser asinado dixitalmente polo representante legal da Entidade Beneficiaria e, rexistrarse na Sede electrónica do Concello de Vilagarcía de Arousa.**

Cláusula VI- INICIO PROCEDIMIENTO: Para o inicio do procedemento de concesión da subvención e preceptivo que o Beneficiario presente no Rexistro electrónico do Concello (sede.vilagarcia.gal) unha copia asinada electrónicamente do presente convenio xunto co orzamento de gastos e ingresos para o ano **2022** (modelo anexo I). Presentarase no prazo máximo dun mes a contar dende a recepción do modelo do convenio que será remitido polo departamento do concello que corresponda.

Cláusula VII- PAGO: O pagamento íntegro da subvención será efectivo unha vez realizada a actividade subvencionada, previa presentación da documentación xustificativa da mesma na sede electrónica do Concello de Vilagarcía (sede.vilagarcia.gal), segundo a Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común



das Administracións Públicas. (VER DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR NA CLÁUSULA IX E NORMAS DE PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN NA CLÁUSULA X)

Cláusula VIII- PRAZO XUSTIFICACIÓN: A xustificación deberá presentarse o antes posible no Concello sempre e cando conten con documentación suficiente para xustificar a cantidade concedida (gasto elixible do 16 de outubro de **2021** ao 15 de outubro de **2022**. Non obstante a **data límite para a presentación da documentación xustificativa é o 30 de outubro de 2022**.

Cláusula IX- DOCUMENTACIÓN PARA A XUSTIFICACIÓN: A entidade, a través de instancia dirixida ao Departamento correspondente do Concello (modelos anexos), deberá presentar no Rexistro Electrónico do Concello (sede.vilagarcia.gal) a seguinte documentación xustificativa:

1. Anexo I-Balance de ingresos e gastos previstos da actividade. Este documento deberá presentarse xunto co convenio asinado tal e como establece a cláusula V.
2. Memoria técnica do desenvolvemento das actividades da entidade a data da presentación da xustificación, asinada polo representante legal da entidade, cos seguintes puntos básicos:
 - Introducción/ Xustificación
 - Obxectivos



- Programación: actividades/servizos desenvolto
- Persoas destinatarias/beneficiarias
- Temporalización
- Recursos utilizados (humanos e materiais)
- Avaliación e conclusións

3. Anexo II- Conta Xustificativa (ou tamén chamada memoria económica xustificativa) do custo, asinada polo representante legal da entidade, que conterá:

- Importe dos gastos realizados e recollidos no Anexo III que deberá ser suficiente para xustificar a subvención nominativa do Concello.
- Relación detallada dos ingresos con que se financiou a actividade (incluíndo todas as subvencións públicas concedidas) con indicación do seu importe e procedencia.
- Declaracións segundo os puntos b) ata f) da conta xustificativa.

4. Anexo III- relación de facturas/gastos para xustificar a subvención concedida polo Concello (deberase cubrir todas as columnas do anexo).

5. Facturas orixinais cos requisitos establecidos no R.D. 1619/2012, xustificativas do gasto subvencionado dende o 16 de outubro de **2021** ata o 15 de outubro de **2022** (ou segundo o período de devengo establecido).

a) Como mínimo conterán:



- nº de factura e indicación expresa de que se trata dunha factura, lugar e data de emisión.
- Denominación social, nif e domicilio de quen expide a factura e do destinatario
- Descrición detallada (concepto, servizo..) e data de realización da operación.
- Importe, desglose do IVE con indicación do tipo aplicable e total. Este desglose recollerase nos anexos III e IV.
- Recargos, descontos e retencións aplicables.

b) Ademais nas facturas, deberá acreditarse o seu pagamento da seguinte forma:

- Deberase utilizar con carácter xeral e preferentemente os medios de pago electrónicos (transferencia bancaria, tarxetas, talóns nominativos...etc)
- Cando a factura teña sido pagada mediante transferencia bancaria ou talón deberá aportarse extracto bancario coa dilixencia da entidade bancaria que xustifique a transferencia ou ingreso na conta do beneficiario.
- As operacións cun importe superior aos 2.500 € non poderán ser pagadas en efectivo, de acordo co previsto no artigo 7 da Lei 7/2012 de 29 de outubro, polo que deberá acreditarse o seu pago mediante o cargo na conta bancaria correspondente. Esta previsto a modificación deste límite, pasando de 2.500 € a 1.000 €, polo que a Entidade deberá ter presente esta modificación aos efectos do cumprimento da lexislación vixente en materia de pagos en efectivo.



- No caso do que o pago non poida facerse por medios electrónicos, deberá aparecer conxuntamente as seguintes indicacións:
 1. "pagado" ou "recibín" ,
 2. data do pago
 3. firma e identificación da mesma (dni ou nome completo de que asina)
 4. Selo da empresa.

- 6. No caso de gastos imputables á actividade, como nóminas ou porcentaxes de facturas, deberán acompañarse estas de informe onde se certifique e se explique a porcentaxe aplicable á actividade.

- 7. Anexo IV- Relación de facturas/gastos para xustificar subvencións doutras Administracións Públicas, seguindo as seguintes instrucións:
 - A xustificación doutras subvencións públicas realizarase a través da presentación do Anexo IV, presentando un anexo por cada organismo público do que se teña concedida axuda/subvención.
 - De non ter presentada a documentación xustificativa noutros organismos públicos, aportarase igualmente o citado Anexo IV coa relación de facturas afectadas ás citadas subvencións (cumprindo o establecidos nos puntos 4, 5 e 6) ou indicación de que a actividade non está realizada.



8. Anexo V- Balance de Ingresos e gastos reais ou realizados. No caso de poderse presentar o balance antes da conclusión da actividade deberá presentarse Avance do Balance de ingresos e gastos realizados ata o momento de presentación da xustificación .

9. Anexo VI-Declaración responsable ou Certificados de atoparse ó corrente coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. (Certificados da AEAT, Consellería de Facenda e Seguridade Social). Os certificados deberán ter unha validez suficiente para a tramitación do expediente.

Segundo o artigo 11. h) e i) do Decreto 11/2009 de 8 de xaneiro (Regulamento da Lei de Subvencións de Galicia), unha Declaración Responsable do cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social substituirá aos certificados sinalados anteriormente nas subvencións para gastos correntes (capítulo IV) e naquelas subvencións para gastos de capital (capítulo VII) nas que a cantidade a outorgar a cada beneficiario non supera os 3.000 €, sempre que os destinatarios das subvencións sexan familias ou institucións sen fins de lucro. Neste caso presentárase o anexo VI.

10. Certificación bancaria do número de conta.

11. Fotocopia DNI do/da representante da Entidade.

12. Fotocopia do NIF da entidade.



13. Certificación expedida polo secretario/a da entidade solicitante, de que a persoa que asina a solicitude é a representante legal da entidade ou documento de nomeamento da mesma.

14. Unha vez finalizado o exercicio 2022, a documentación económica correspondente á totalidade da actividade deberá estar a disposición dos órganos do Concello que precisen realizar labores de comprobación e/ou fiscalización.

Cláusula X- Forma de Presentación da documentación no rexistro electrónico do Concello

A confección de toda a documentación realizarase a través da **Plataforma de Xestión de Subvencións** contratada por este Concello e pola Fundación de Deportes, para axudar as Entidades Deportivas beneficiarias de subvencións a correcta presentación da mesma, na dirección <https://vilagarcia.cluber.es> no que terán a súa disposición **os Balances, a Conta Xustificativa e anexos dos modelos normalizados** e, na que obrigatoriamente deberán subir toda a documentación e unha vez validada, **xenerará un PDF final en formato oficial, que deberá ser asinado dixitalmente polo representante legal da Entidade Beneficiaria e, rexistrarse na Sede electrónica do Concello de Vilagarcía de Arousa.**



Tendo en conta que o rexistro electrónico do Concello non admite arquivos que superen na súa totalidade os 10 Mb ou non admite determinados formatos, deberase cumprir as seguintes normas de presentación:

- un pdf que conteña un índice de toda a documentación presentada
- Un pdf por cada anexo.
- Un pdf cos certificados de estar ao corrente coas distintas administracións públicas, no caso que corresponda.
- Un pdf coa documentación que se esixe nos puntos 10 a 13 da cláusula IX do presente convenio e no mesmo orden en que piden.
- Un pdf coa listaxe de facturas (Anexo III)
- Un pdf coas facturas e xustificantes de pago do Anexo III coas correspondentes facturas e os seus xustificantes de pago ordenados do mesmo xeito que aparecen no anexo III e sempre primeiro a factura e seguidamente o seu correspondente xustificante de pago. (exemplo: factura 1 da relación, xustificante da factura 1 da relación, factura 2 da relación, xustificante da factura 2 da relación...etc.).
- Un pdf coa listaxe de facturas entregadas ou a entregar noutras Administracións públicas (Anexo IV) e nos casos que proceda deberá vir acompañado coas correspondentes facturas e os seus xustificantes de pago ordenados do mesmo xeito que aparecen no anexo e sempre primeiro a factura e seguidamente o xustificante de pago. (exemplo: factura 1 da relación, xustificante da factura 1 da relación, factura 2 da relación, xustificante da factura 2 da relación...etc.).



-Calquera outro documento que se queira agregar deberá vir de xeito independente. (PE: informe xustificativo de imputación de gastos de nóminas...etc.)

Toda a documentación deberá vir asinada electrónicamente polo representante legal da entidade.

Os distintos arquivos deberán ter unha denominación acorde co contido do documento que permita a súa localización e identificación.

No caso de que a documentación presentada supere os 10 Mb deberá realizar tantos rexistros electrónicos como sexan necesarios para presentar a documentación, indicando nos sucesivos rexistros o número do primeiro rexistro e numerando en función do número de rexistros do seguinte xeito: Por exemplo no caso de que sexan necesarios 4 rexistros: 1/4, 2/4, 3/4 e 4/4.

O incumprimento por parte do beneficiario destas normas de presentación será causa de devolución da documentación para subsanar.

Cláusula XI- O beneficiario queda obrigado a reflectir, en toda a publicidade que utilice para a difusión da actividade, a constancia da colaboración económica do Concello, nas condicións que lle sexan fixadas polos responsables do Área de Comunicación.



Cláusula XII- A lingua que se empregará nos distintos soportes de difusión da actividade, será o galego dentro do ámbito territorial de Galicia.

Cláusula XIII- O beneficiario poderá ser requirido polos distintos departamentos do Concello para a presentación de calquera outra documentación que sexa necesaria.

Cláusula XIV- CAUSAS DE REINTEGRO- Procederá o reintegro da subvención sempre que se dean calquera das circunstancias que se establecen nos artigos 32 e seguintes da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia ou nos artigos 36 e seguintes da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións.

Cláusula ADICIONAL INFORMATIVA: (optativa segundo o tipo de subvención)- :

1. Considéranse gastos subvencionables, aqueles que de maneira indubidable respondan á natureza da actividade e se realicen dentro do exercicio 2022 e segundo o disposto no art. 29 da Lei 9/2007 de 13 de xuño de Subvencións de Galicia.
2. Deberá xustificarse o 100% do importe subvencionado para a percepción íntegra da subvención, unha menor xustificación dará lugar a un recoñecemento proporcional da axuda comprometida.

Nestes termos queda redactado o presente convenio, no contido do cal as partes intervinientes afirmanse e ratifican, asinándoo, por duplicado e a un só efecto, na data no encabezamento expresada.



Vilagarcía de Arousa, na data de sinatura dixital

Asdo. O Alcalde Presidente

Alberto Varela Paz

A Presidenta Asoc. Comerciantes

Rocío Louzán Blanco